Profesor Javier Comesaña Vila

Comeza os seus estudos musicais aos oito anos no Conservatorio Profesional de Música da Estrada na especialidade de saxofón, baixo a tutela do mestre Javier Comesaña Pereira.

No ano 2008 obtén o Título Profesional de Música na especialidade de saxofón alcanzando a máxima puntuación no Concerto de Fin de Grao. Continua cos estudos superiores na Aula Internacional de Saxofón do Conservatori Superior de Illes Balears, tutelado polos mestres Rodrigo Vila, Andrés Gomis, Ana Lencina, Jose Miguel Cantero e Yuko Mizutani. Posteriormente perfecciona os seus estudos participando en master classes con mestres da talla de Jean Marie Londeix, Mª Bernadette Charrier, Alain Damiens ou Mario Caroli entre outros. Finaliza os seus estudos no Conservatorio Superior de Música de Vigo cos mestres Rafael Yebra e Julio Álvarez, acadando a súa licenciatura con Matrícula de Honra no ano 2013.

Foi membro activo da C.G.S. (Companyía Géneral de Saxófons), coa que realizou xiras por diversos países de Europa e da que destacan desta época actuacións coma agrupación invitada no "Escandinavian Saxophone Festival" de Suecia. Pertenceu tamén ao cuarteto "Hoffmann Cuartet" co que gañou o premio do I Concurso de Cuartetos "Yamaha" e o premio do organismo Injuve. Obtivo o terceiro premio na modalidade de música catalana do S. XX-XXI do concurso "Lárjau". Colaborou como saxofón solista da Orquesta Joven da Sinfónica de Galicia baixo a dirección de Albert Zedda e James Ross.

+ info:
657 969 653 · info@bandavalladares.com

CURSO DE SAXOFÓN

Datas e lugar:
Do 30 de xullo ao 02 de agosto na Escola de Música de Valladares.

Dirixido a:
Alumnos de conservatorios, escolas de música, bandas e música e afeccionados ao saxofón en xeral.

Obxectivos:
- Ampliar o dominio da técnica e da interpretación do instrumento.
- Practicar a música de conxunto en pequenas e grandes agrupacións.
- Fomentar o estudo persoal constante para progresar individualmente.
- Estimular o interese da música como saída profesional ou amateur.
- Compartir vivencias musicais e extra-musicais con persoas procedentes de distintas escolas.

Metodoloxía:
Clases individuáis e en grupo, flexibles e adaptadas ao nivel do alumnado.

Modalidades:
- Activos: 70 €
- Activos membros da Escola de Música de Valladares: 50 €
- Oíntes: 20 €
- Oíntes membros da Escola de Música de Valladares: gratuíto

Matrícula:
Prazo: do 1 ao 24 de xullo de 2014

1.- Abonar o importe da matrícula segundo a modalidade escollida, ben sexa nas oficinas da Unión Musical de Valladares ou a través de transferencia bancaria:
Titular: Unión Musical de Valladares
CCC: 2080 5082 36 3040003194 - Abanca/Novagalicia Banco
Concepto: Curso de Saxofón - Nome e apelidos do alumno

2.- Enviar ao correo electrónico info@bandavalladares.com copia do xustificante de pago e os seguintes datos:
- Nome e apelidos do alumno
- Teléfono de contacto

Cancelación de Matrícula: en caso de anular a matrícula devolverase o 75% do importe da mesma. Non se admitirán anulacións finalizado o período de matriculación.